

Desarquivar a perda

Ana Salgado

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SALGADO, ANA (2012 [2011]). “Desarquivar a perda”. *Quantas letras para um rio*. Anotación: 21 de setembro. <http://letrasparaumrio.files.wordpress.com/2011/09/salgado_fogar_impronunciavel.pdf>. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1723>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SALGADO, ANA (2011). “Desarquivar a perda”. *Quantas letras para um rio*. Anotación: 21 de setembro. <http://letrasparaumrio.files.wordpress.com/2011/09/salgado_fogar_impronunciavel.pdf>. Consulta: dd/mm/aaaa.

* Edición en pdf en *poesiagalega.org* dispoñíbel desde o 16 de xaneiro de 2012 a partir do URL indicado. Consulta: 13/01/2012.



desarquivar a perda

ana salgado

O lugar atravesa a obra de María do Cebreiro Rábade Villar. Volvemos, cando menos, a *O barrio das chinas* (2005). O poemario comeza dicindo «Como todos os lugares, este barrio empezou sendo outro lugar» e remata declarándose libro de viaxes. A escritora pon e quita apelidos pero é a mesma. Tempo e lugar, a historia da cultura, as coordenadas que habita de maneira máis decidida.

Se cadra a idea máis poderosa de *Fogar impronunciable* pousase na defensa e na vontade de volver ler no pasado como condición para albiscarmos outro futuro. Escoitámoslo á autora hai uns poucos días na súa intervención no ciclo Escrita(s) en Sargadelos A Coruña. A imaxe dialéctica, aquela que Walter Benjamin identifica coa historicidade propia da revolución. Di Cebreiro: «como incursión no futuro foi pensada a temporalidade revolucionaria».

O peso do que nos ensinou Benjamin e o seu anxo de Klee que «querería deterse, espartar os mortos [a pantasma] e xuntar o estragado» é significativo neste ensaio. Tanto que pensei que a omisión dunha cita coma a seguinte, tese número XII sobre a filo-

sofía da historia, quizais estea para crear un oco no discurso: «A socialdemocracia amañouse para adxudicarlle á clase obreira o papel de Redentor das xeracións futuras, cortando desta maneira os tendóns da súa forza maior. Con esta táctica, a clase obreira tendeu a esquecer o seu odio e o seu espírito de sacrificio: ambos os dous nítrense da imaxe dos antepasados escravizados e non da dos netos redimidos».

«A pantasma pode axudar a desvelar o que liga esas pequenas historias [historias e fábulas de pantasmas] a unha determinación de carácter colectivo», afirma Rábade Villar nas primeiras páxinas de *Fogar impronunciable*. «Pero tamén a sombra desa foto / aínda por revelar. / A rapaza que viu unha pantasma / na mancha que ascendía pola lente» lemos en *Poemas históricos*, o libro que a escritora compuxo canda Xosé Carlos Hidalgo a finais do 2010. As casas dos *Poemas históricos* son sempre lugares que se abandonan, lugares polos que se pasa, fogares que arden, que se queiman. Atopamos nun poema titulado «Un can branco (fragmentos)», atravesado por Mina Murray, tamén dalgún xeito pantasma: «Que signifi-

ca meu? Onde está o goce? / As casas alugadas. / As feitas pola xente que se vai. / O mundo vira. Móvese. / Como chegan as cousas a ocupar os lugares?».

Sabemos que unha das funcións do espectro é impedir que o pasado acougue pero aprendemos tamén que é a constatación dunha perda. A idea percorre as achegas da escritora a Rosalía de Castro, a Manuel Antonio, a Álvaro Cunqueiro, a María Mariño, a Chus Pato, a Emma Couceiro. Un exercicio bonito logo de pechar o libro podería ser imaxinar as páxinas que Rábade non escribiu aínda sobre, por caso, algúns dos relatos que Miguel Anxo Murado incluíu n'*O soño da febre. Fogar impronunciable*, con Jacques Derrida cando compara o funcionamento da memoria coa estrutura do arquivo, está atravesado por unha idea da perda como proceso activo. Hai páxinas en que esta idea concentra a súa forza en arrepoñerse aos indiscutidos procesos de normativización (Rosalía escollendo unha lingua vacilante para amosar unha experiencia crebada) e de normalización (a planificación cultural, as políticas de tradución; a súa interiorización da lóxica do mercado). Son estes fragmentos que nos interpelan, que batén contra o presente.

A perda, o fogar, o desposuimento, a pertenza e as tensións que os atravesan estaban en *Non son de aquí*: «para que quero / a casa / se non teño / paredes», preguntábase con María Mariño. E no poema seguinte: «Se te mordo respondes? Hai unha guerra eterna / e o que salva perde o seu lugar, que era / o lugar do outro, onde o corpo distingue / só as costuras da roupa e vai por dentro espido / como antes de nacer. Lévame á casa». Tamén: «este é un amor / sen casa, / non se

pode / gardar». E aínda, nunha apelación que parece dirixirse tanto cara o positivismo como cara ao estamento cristián ou a divulgación científica: «Devólvanlle a saúde / a quen ten vida, / os mortos a quen lembra / e deixen as coroas / para os santos».

No medio do mundo de agradecementos para María do Cebreiro Rábade Villar polo aprendido falando, lendo canto escribe, pola amizade, escollo un destes días: terme lembrado ao ler *Fogar impronunciable* a existencia da palabra «antaruxada». E con ela a volta a unha historia tantas veces contadas na familia Salgado. Sobre a palabra di Eladio Rodríguez: «Cosa de brujas» ou «en Avión llámase así la Estadea». A antaruxada que viu Sara do Cabano no lugar da Rúa, Santa Mariña de Loureiro, sendo moza nova —e iso debeu ser antes da guerra— contábase entre as últimas aparicións da pantasma. Unha noite camiñaba soa polo lugar e, xa preto da casa, apareceu un crego e díxolle «mírame para mis botones». Ben anos despois de escoitar esta frase puíden cavilar nela á luz do patriarcado e entender ese imperativo como unha posible marca de sexualidade invasiva. A cultura tradicional sobrevivente nas últimas décadas do XX interpretaba xa a antaruxada como síntoma do atraso ao dicir: «iso sería de non haber luz eléctrica, ou da fame». E pensamos que lía tan ben que estaba explicando o devir dos séculos. A luz, a Ilustración, o XVIII. A fame, o XIX, século de esperanza revolucionaria. Vemos este fío de tempo, as súas continuidades e as súas fendas, imprescindible para ler a Rosalía de Castro, autora que ocupa parte dos días e do pensamento de María do Cebreiro Rábade Villar. Tamén para ler *Fogar impronunciable*.

Texto lido na presentación de Fogar impronunciable de María do Cebreiro Rábade Villar celebrada na livraria Couceiro de Compostela em Junho de 2011.